




A Bretaña que hai en NÓS



Asociación Cultural
Vagalumes

"As cruces de pedra na Bretaña" de Castelao

Galiza **Cultura**





A viaxe de Virxinia e Castelao



“A gran familia celta, asentada nos cabos occidentais (Irlanda, Gales, Cornualles, Escocia, Bretaña e Galiza), adorou o sol apagado e con el regresaba ao afastado Oriente, creando o máis fermoso mito da noite. Desde entón o sol, que todos os días percorría a bóveda celeste levado en triunfo polos cabalos astrais, regresaba morto todas as noites, conducido polos cisnes hiperbóreos ao berce das orixes, para que se acendese cada mañá en chamas, e comezase de novo a súa carreira triunfal para sementar a vida no mundo.”

Treito dun manuscrito dunha conferencia de Castelao cara o 1941 en Bos Aires co título “Finisterrae”





...camiño da Fisterra na que renacer



Catálogo da exposición



Instagram

tabeirosmontes.vagalumes



Correo electrónico

a.c.vagalumes@tabeirosmontes.com



Youtube

TabeirosMontes



Twitter


@TabeirosMontes



Facebook

@tabeirosmontes

Lembranza dunha peregrinación ao que nos é propio. Encontro co compartido. Unha irmandade que atravesa os mares nun abrazo de pedra.



O noso agradecemento ao Museo de Pontevedra e a Xabier Baltar pola súa colaboración para a realización desta exposición.



A Bretaña que hai en NÓS



A viaxe á cruz que somos




Corría o ano 29, Castelao e Virxinia xa probaran de todo para tentar superar a morte do seu fillo. A presenza permanente da súa ausencia abrasábaos por dentro e a súa saúde consumíase por días. Deixaran a casa que compartiran co neno. Pero non foi suficiente. Finalmente abandonaron a vila de Pontevedra, que en cada recanto lles devolvía lembranzas dolorosas das súas alegrías de outrora. Cando chegaron a Vigo fuxindo dos seus recordos, o seu estado físico e mental era estarrecedor. As amizades da familia e da arte que se apagaba albiscaron unha saída a esta situación e artellaron unha axuda para enviar de viaxe de estudos a Bretaña ao home das cruces -como lle chamaba Otero Pedrayo- e á muller que -como ela mesma diría anos despois- cargaría coa máis pesada das cruces ao ter que cumprir en solitario a manda do proxecto vital compartido, que renaceu nos catro meses que pasaron percorrendo a vella Armórica tras da moral feita pedra das nacións celtas derrotadas.





A Bretaña que hai en NÓS

Os deuses pasan, as pedras quedan




"Ben probado está que unha relixión nova ampárase dos monumentos consagrados pola vella. O menhir de Kervadel (Fisterra), con sete figuras de deuses romanos labrados ao seu redor, resulta un xurdio exemplo de superposición de relixións".

15. Kervadel



A Bretaña que hai en NÓS

Cristianizando as vellas crenzas



107. Menhir à Brignogan (F.)
appelé «Men Marz» la Pierre du Miracle

"Os
evanxelizadores
celtas non
destruíron os
monumentos de
crenzas antigas,
moi enraizados
no corazón dos
armoricanos,
senón que os
cristianizaron. E
do mesmo xeito
que o lume aceso
en honra do sol
foi trocado en
lume de San Xoán
así os menhires
e dolmens foron
trocados en
soportes da cruz".

Col. E. Hamonic. S., B.



• 16. Brignogan





A Bretaña que hai en NÓS

Saint-Duzec: Fundíndose coa antiga relixión






21. Point Saint-Mathieu



A Bretaña que hai en NOS



Asimilando vellos cultos



"Cómpre dicir que non se avista por ningures o enlace das cruces primitivas e megálitos cristianizados da Bretaña cos cruceiros de feitura común, sendo doado pensar que alí deixaron de plantarse cruces durante moito tempo e que os cruceiros son monumentos cristiáns importados, que atoparon no chan da vella Armórica a lentura agarimosa dunha terra natal. Do departamento de Costas do Norte podo citar: a cruz chamada merovinxia de Plourivo, que algúns consideran como o monumento cristián máis antigo de Bretaña"

Virxinia nun cemiterio bretón co loito do seu fillo



11. Plourivo





A Bretaña que hai en NÓS



Milleiros de cruces

"Percorrendo a Baixa-Bretaña compróbase que non hai cemiterio, adro parroquial, muro de capela, encrucillada de camiño vello, que non teña un cruceiro. Aínda despois da revolución francesa, do tempo arrepiante das `noyades` dos cregos e desfeita de monumentos relixiosos, os cruceiros da Bretaña son tantos que non poden contarse. A maior densidade corresponde ás terras de Leon e de Treguier".






A Bretaña que hai en NOS

Da pedra xorde a persoa que leva dentro

Museo de Quimper 3



65. Quimpe



107.
Quimper

"Os bretóns dramatizan máis que os galegos, como pode deducirse a miúdo nos detalles iconográficos dos cruceiros; o sangue aparece xurdindo por todas as chagas en chorros retortos que deitan nos cálices e algunha vez (cruceiro de Quimper) a chaga do costado é un vulto de pedra representando a saída do sangue.





A Bretaña que hai en NÓS

Adaptando o universal ao concreto

"...ollaredes que a Piedade bretoa é dunha arte quizais máis requintado que o noso, pero menos espontánea e variada. Os imaxineiros bretóns labraron esta figura con menos liberdade; imitaron máis ben que crearon. Abonda ollar como se repite a composición: Xesucristo aparece sempre arrimado no lado dereito da Virxe, agás no caso contrario de Plougoulm"






A Bretaña que hai en NÓS

Os cruceiros vanse convertendo en calvarios



"En toda Bretaña atópanse a cotío cruceiros cun traveseiro para soste figuras. As máis das veces son estatuas dobradas, erguidas nos extremos do traveseiro: San Xoán e a Virxe no anverso, dous santos que acompañan a Nosa Sra. no reverso".





A Bretaña que hai en NÓS

A palabra faise pedra nos púlpitos



122. Tréminou



123. La Forêt

Os púlpitos establecéronse moi tarde dentro das igrexas bretoas, e aínda hoxe se poñen púlpitos exteriores nas festas relixiosas de moito xentío, tal como adoita facerse en bastantes romarías galegas.





A Bretaña que hai en NÓS

Os sermóns petrificados medran



"Os pregadores da Bretaña son ben afeccionados a dramatizar os sermóns, e velaí para que se ergueron os grandes calvarios, que certamente non son outra cousa máis que púlpitos, dos que o cruceiro-púlpito de Pleubian é un xurdio antecedente".






A Bretaña que hai en NÓS

O calvario de Virxinia

"Falando da Bretaña resulta máis axeitado dicir que a igrexa parroquial está dentro do cemiterio a dicir que o cemiterio está ao redor da igrexa. Tal é a importancia que alí ten o camposanto. O cemiterio na Bretaña é o centro da aldea, un lugar que adoita visitarse por deber e por gusto, coma se alí vivisen os mortos. Afastar os cemiterios das vilas —di un escritor— é botar os vellos lonxe da casa dos seus fillos".



Virxinia no calvario de Tronoén





A Bretaña que hai en NÓS

Tronoën: Moitas historias que contar



"Todo fai crer que foi aquí onde naceu no maxín dun mestre canteiro a idea de representar en pedra as escenas do drama do calvario, ao xeito de como se representaban en cores írtidas nas vidrieiras de moitas igrexas bretoas.

Todos os escritores están conformes en crer que o calvario de Tronoën é o máis vello de todos".





A Bretaña que hai en NOS


Santiago na Bretaña



Calvaire

Tronoën
Saint Jago.

"A estatua do Apóstolo Santiago parece estraña ao fin e obxecto destes monumentos, e o citado escritor pregúntase tamén se a fundación do grupo monumental de Tronoën será debida a un voto de peregrinaxe a Compostela".






A Bretaña que hai en NÓS

O pobo representado no calvario



"No calvario de Plougonven rematan os macizos rectangulares, como o de Tronoën...En poucos calvarios se notan proporcións tan acertadas. A pedra mesma é máis fina que en Tronoën e as figuras (de 70 a 75 centímetros) son menos primitivas. Todos os personaxes, agás Xesús e a Virxe, están collidos da vida real; os traxes son os dos paisanos e señores do século XVI".



130. Plougonven





A Bretaña que hai en NÓS

Retratando o propio tempo no pasado

O calvario de Guimiliau forma parte dun desmedido grupo arquitectónico circunscrito polo valado do cemiterio parroquial.

Este calvario é quizais o mellor coñecido e o máis visitado. A graza popular con que están labradas as súas figuras xustificaría un estudo cheo de amor; a min deume mágoa arredarme del. A xuízo de todos os escritores o calvario de Guimiliau é o máis interesante, o máis instrutivo, o que amosa mellor o espírito e os costumes da época en que foi feito.





A Bretaña que hai en NÓS

O inferno moral



"Cómpre dicir que despois do calvario de Tronoën a escena do descendemento de Cristo aos limbos, non foi ben comprendida. En Guimiliau, como máis tarde en Plougastel Daoulas, representouse o verdadeiro inferno dos condenados. Aquí aparece Catell-Gollet (a candonga Catalina) encoira, cos peitos pendurados, levada por tres demos á boca do inferno".



A Bretaña que hai en NÓS

Para acabar coa peste cando todo falla



O calvario de Plougastel-Daoulas érguese no adro da igrexa parroquial, que foi cemiterio, onde formaba parte dun conxunto de monumentos funerarios que o tempo fixo desaparecer. Sábese que este calvario debe a súa orixe a un voto solemne que fixeron os fregueses en 1598, con motivo da peste.



135. Plougastel-Daoulas





A Bretaña que hai en NÓS

O demo debaixo das aparencias





A Bretaña que hai en NÓS

Incorporando as novidades estilísticas



143. Saint-Thégonnec



139. Saint-Thégonnec

"Pode ollarse aquí como os mestres e imaxineiros bretóns loitaban co novo estilo para acomodalo á súa man. O calvario de Saint-Thégonnec data do ano 1610".





A Bretaña que hai en NÓS

Coa perda do medo á peste, rematan os calvarios

"Aquí finaron os grandes calvarios de Bretaña, nados en Tronoën.

Por inscricións gravadas no monumento sábese que foi feito no ano 1650 por Ives Ozanne, e soamente neste calvario aparece o nome do autor. Xa dixemos que o remate dos grandes calvarios coincide co remate da peste bubónica...

O máis interesante está nas figuras dos ladróns. A do ruín, por exemplo, é extraordinaria: acaba de morrer e fica coa lingua fóra, un ollo aberto e outro cerrado, cunha expresión de arrepío estereotipada na súa faciana; e despois o demo levando a alma que acaba de botar pola boca o malpocado ladrón..."








A Bretaña que hai en NÓS



Os calvarios menores





A Bretaña que hai en NÓS

A alma limpa e sintética dun pobo

"De remate diremos que os calvarios bretóns, comparados cos cruceiros, resultan catedrais comparadas con capelas; pero nos cruceiros aparece máis nitidamente a estética do xénero e a alma limpa do pobo celta e cristián".



151. Comfort





A Bretaña que hai en NÓS

A viaxe continúa, a dor queda, a vida segue


Virxinia desenfocada co fondo nidio da Bretaña é aquí fotografada por Castelao, quen tamén a retratou no seguinte debuxo reflectindo no rostro aqueles días de tristura.



Desta viaxe Virxinia volveu resucitada e con novos folgos para continuar o camiño da vida. Castelao quixera regresar á Bretaña para rematar o seu labor da comprensión do propio nos outros. Pobos dominados e que foran reificados polos vencedores, que eran tratados como cousas sen vida interior, precisaban ser estudados por quen escoitaba nas súas rochas labradas o eco das palabras angustiosas de quen a elas se dirixía na demanda dunha xustiza que non atopaban en ningún outro lado.



"As cruces de Irlanda, os calvarios de Bretaña e os cruceiros de Galiza son árbores de pedra. Pódese dicir que as cruces outas dos Fisterres naceron do imperativo do seu chan. Os cruceiros veñen de moi fondo e teñen as raíces moi debaixo da tona de terra podre que cria cousas bonitas que duran pouco".



"Se reparamos na semellanza case absoluta dos cruceiros galegos cos da Bretaña, se lembramos as longas relacións marítimas e comerciais dos dous Fisterres, se nos decatamos de que a súa maior densidade corresponde ao litoral, e se non é o camiño das peregrinaxes onde aparecen os novos tipos de cruz, podemos crer que viñeron polo mar".





Falta o home das “cruces”

... E que me falta el, sabe, Ramón?, de aí que xa non teño aquel corazón con quen desafogar, e ás veces parece como se me rompera toda por dentro. Ben sabía o home das “cruces”, como vostede lle chamaba, que sin querelo el, íame legar a min a máis pesada de todas, así por presentimento, estreitábame contra o seu peito doente, dicíndome a cada intre, “eu non quero deixarte, sabes, miña prendaña? por que me asusta a idea da túa espantosa soidade, se eu chego a morrer”. E que pronto chegou, e que razón tiñas, querido meu, aínda que non a puidiches concebir na súa triste realidade...

[Treito dunha carta de Virxinia Pereira a Otero Pedrayo logo do falecemento de Castelao]





Tabeiros Montes

www.tabeirosmontes.com

 **DEPUTACIÓN**
PONTEVEDRA

